

Treixada

Quero decrecer, facerme pequena,
ser nena de novo
para mergullarme no teu colo brando
e espumoso.

Auga salgada das miñas lembranzas.
Fráxil coma o cristal,
non esvaezas coma unha polaroid en branco e negro.
Faite eterna, resistente como o tardígrado e a treixada

Quero ser plantiña húmida,
ouca de río, e nas túas augas de zume serea
esparellar flores brancas para adornarte.

Quero amosarche, que te levo moi dentro,
que regas as miñas arterias,
coma os regatos fan coas nosas leiras.

Quero coidarte.
Para que todos os nenos poidan
afundir as súas meixelas na túa
frescura e sintan coma eu o facía
latexar o teu corazón, auga miña.

Sabes que te quero.